

ORDENANZA Nº 10

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ESTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA DE URBANISMO A INSTANCIA DE PARTE

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVINDICACIÓN.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de cada un dos servizos relacionados no artigo 5 desta Ordenanza.

ARTIGO 2.-

A obriga de contribuír nace no momento de presentación no Rexistro Xeral do Concello, ou no dos seus Organismos Autónomos, do escrito, petición ou documento a que fai referencia o artigo 5 deste texto.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS.

1. Estarán exentas da taxa de compulsión de documentos necesarios para acceder ao mercado laboral, as persoas desempregadas empadroadas en Vigo, circunstancias que deberán acreditar no momento da solicitude da compulsión.

2. Estarán exentas, tanto da taxa de compulsión como das taxas do epígrafe 9 do artigo 5 desta ordenanza, as persoas interesadas en procedementos de selección desta Administración Municipal para traballos non incluídos en ofertas de emprego público.

3. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadroamento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, as persoas integrantes de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.500 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 52.054 €.

Para o desfrute desta exención bastará con acreditar o desfrute de exención da taxa de lixo vivenda.

4. Estarán exentos de taxas as persoas integrantes de familia numerosa, pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza.

Para poder desfrutar desta exención, deberán presentar título de familia numerosa vixente no momento da solicitude.

5. Estarán exentas desta taxa a expedición de documentos e compulsa de outros que foran solicitados por persoas investigadoras, estudantes e organizacións non gobernamentais sen afán de lucro, así como os servizos prestados para prover ás persoas interesadas de documentación necesaria para ter acceso a prestacións sociais. No caso de persoas investigadoras acreditarase o interese, investigación ou estudio a realizar.

Para poder desfrutar de exención de taxas de realización de copias de documentos e expedientes obrantes no arquivo xeral do Concello (apartado 5 do artigo 5 desta ordenanza) deberá solicitarse por escrito facendo constar os seguintes datos:

A) Persoas estudantes:

- Nome, DNI e domicilio.
- Estudos que cursa ou realiza.
- Obxecto da investigación ou traballo.
- Profesor/a encargado/a ou director/a do traballo.
- Cálculo da taxa que resultaría no caso de denegarse a exención.

B) Investigadores e outros.

- Nome, DNI e domicilio.
- Profesión ou actividade.
- Titular da investigación ou responsable da mesma.
- Obxecto da investigación.
- Cálculo da taxa que resultaría no caso de denegarse a exención.

A citada solicitude será entregada directamente no Arquivo Xeral e a exención procederá de oficio agás que, por non terse acreditado suficientemente os datos anteriores ou o interese da investigación, proceda a denegación da exención de taxas previo informe da Xefatura do Arquivo Xeral.

ARTIGO 4.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos destas taxas as persoas naturais ou xurídicas que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden os

documentos que se expidan ou de que se entendan a Administración Municipal ou as autoridades municipais.

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA.

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes: (*)

(*) *(Os servizos automatizados facilitados na Web do Concello serán gratuítos)*

- a. Dende o ano 1991. 2,50 €
- b. Dende data anterior a 1991..... 13,35 €

2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 10,95 €
- b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de..... 1,65 €

3. Restantes certificados:

- a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina..... 2,50 €
- b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de..... 1,65 €

4. Copias de planos:

- a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados.
 - DIN A-4..... 2,10 €
 - DIN A-1..... 4,10 €

- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1 un recargo de 10,45 €

- b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).

- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).

Por cada Plano..... 1,65 €

- c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
 - De ata tres anos de antigüidade, por un plano..... 10,95 €
 - Por cada ano ou plano máis, un recargo de..... 1,65 €

5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

- a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina
 - A4..... 0,60 €
 - A3..... 0,70 €
- b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina
 - A4..... 0,80 €
 - A3..... 1,25 €
- c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina
 - A4..... 1,00 €
 - A3..... 1,40 €
- d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina
 - A4..... 1,20 €
 - A3..... 2,25 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda.

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren as persoas interesadas, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:

- a. Validación de poder, por cada un..... 10,95 €
- b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha 4,75 €
- c. Simple recoñecemento de sinatura..... 2,85 €

7. Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:

- a. Por cada unha dos grupos A e B..... 38,45 €
- b. Por cada unha dos grupos C, D e E 21,50 €

8. Informacións ou consultas urbanísticas:
 - a. Información ou consulta urbanística común..... 16,00 €
 - b. Información ou consulta urbanística especial..... 53,20 €
9. Cédulas urbanísticas.....53,20 €
10. Expedición de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de persoas con diversidade funcional, por motivo de extravío. 10,75 €
11. Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento de patrullas, etc.....50,60 €
12. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local..... 111,55 €
13. Informes de carácter estritamente administrativo das diferentes áreas do Concello. Inclúense neste apartado, inspeccións de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares..... 10,95 €
14. Expedición da Autorización Especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas:
Por cada vehículo e ano ou fracción..... 10,60 €
15. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.49,25 €
16. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987).....60,20 €
17. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.....60,20 €
18. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987)..... 71,25 €

19. Comunicaci3ns sobre transferencias ou transmisi3ns de licenzas tanto de Construci3ns, Instalaci3ns e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51).....50,30 €
20. Certificados relativos 3 recadaci3n de tributos (***):.....10,95 €
 (***) *(Os servizos automatizados facilitados na Web do Concello ser3n gratuítos)*
21. Carn3s expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.
4,10 €
- 22.a 3 edici3n completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentaci3n relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicaci3n do Concello, aplic3ndoselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edici3n.
- 22.b Documentos en soporte dixital ata 100MB 23,70 €
- 22.c . Documentos en soporte dixital de máis de 100MB47,35 €
23. En supostos especiais, a obtenci3n de copias de documentos en soportes distintos de papel, tales como discos, filmaci3ns, etc. ser3n obxecto de taxa por importe igual o custe ocasionado por tal expedici3n.

ARTIGO 6.- INGRESO.

Os suxeitos pasivos ingresar3n o importe desta taxa no momento da solicitude do servizo no Rexistro Xeral. Servirá de xustificante de ingreso a estampaci3n mecánica no escrito de solicitude ou impreso de autoliquidaci3n da taxa.

Conforme disp3n o artigo 2 desta ordenanza, esta taxa devindícase no momento do inicio da prestaci3n do servizo, entendéndose por tal, o momento da presentaci3n da solicitude no Rexistro Xeral. As cotas ser3n irredutibles ag3s no suposto da taxa abonada por solicitude para tomar parte no procedemento de selecci3n e promoci3n de persoal. Poder3 instruírse procedemento de devoluci3n do 50% do importe das taxas sinaladas no epígrafe 9 do artigo 5º desta Ordenanza, 3 solicitude da persoa interesada no caso de que esta última figurase na relaci3n de excluídos do procedemento de selecci3n.

No caso de validaci3n de poderes, dilixencias de recoñecemento de sinatura e simples recoñecementos de sinatura, as persoas interesadas deber3n ingresar previamente o importe desta taxa no

Rexistro Xeral, extremo que se acreditará diante do funcionario que realice o servizo, co selo correspondente.

ARTIGO 7.

No relativo á infracción desta Ordenanza, serán responsables os funcionarios encargados do Rexistro Xeral de entrada de documentos, sen prexuízo do que dispón a Ordenanza Fiscal Xeral e restante lexislación tributaria en materia de infraccións e sancións.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1ª. No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello e restante lexislación tributaria aplicable.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN B.O.P.:	30 DE DECEMBRO DE 1989
	4 DE XANEIRO DE 1991
	30 DE DECEMBRO DE 1991
	23 DE DECEMBRO DE 1992
	23 DE DECEMBRO DE 1994
	27 DE DECEMBRO DE 1995
	30 DE DECEMBRO DE 1996
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	7 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	30 DE OUTUBRO DE 2014
	25 DE NOVIEMBRE DE 2015
	7 DE DECEMBRO DE 2017
	12 DE NOVIEMBRE DE 2019
	15 DE DECEMBRO DE 2021
	4 DE DECEMBRO DE 2023

